

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense informa o seguinte:

1º.- Que con data 5 de maio de 1997 os veciños de Quintela e Manín (Lovios), solicitan a transformación da parte que lles afecta, dos consorcios "Serra de Santa Eufemia" OR-3016 e "Municipal de Lovios" OR-3047. O acordo de solicita-la devandita transformación foi tomado pola asemblea de comuneiros con data 15 de marzo de 1997.

2º.- Que o consorcio "Serra de Santa Eufemia" OR-3016 foi realizado entre o Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Lovios e aprobado con data 6 de decembro de 1946, tendo unha superficie segundo plano de 2200 ha., das que 550 son inforestais, quedando por tanto, 1650 ha. poboadas.

3º.- Que o consorcio "Municipal de Lovios" OR-3047 foi realizado entre o Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Lovios e aprobado con data 8 de maio de 1959, tendo unha superficie segundo plano de 408 ha., das que 103 son inforestais, quedando por tanto, 305 ha. poboadas.

4º.- Que o monte denominado "Serra de Santa Eufemia" foi clasificado como M.V.M.C. cunha superficie de 1920 ha., o 17 de febreiro de 1975 a favor dos veciños de Quintela e Manín (Lovios). Neste M.V.M.C. atópanse 953 ha. do consorcio OR-3016.

5º.- Que o monte denominado "Quintela e Buscalque" foi clasificado como M.V.M.C., cunha superficie de 1444 ha., o 17 de febreiro de 1975 a favor dos veciños de Quintela e Manín (Lovios). Neste M.V.M.C. atópanse 408 ha. do consorcio OR-3047.

6º.- Que o 23 de xuño de 1994 se aproba unha rescisión de 2 ha. no consorcio "Sierra de Santa Eufemia" OR-3047 que non alteran a conta de resultados do monte, quedando cun total de 2198 ha., das que 1650 ha. seguen sendo arboradas.

7º.- Que o convenio que se solicita está integrado por 953 ha. pertencentes ó M.V.M.C. "Sierra de Santa Eufemia" e consorcio do mesmo nome OR-3016, e por 408 ha. pertencentes ó M.V.M.C. "Quintela e Buscalque" que integran a totalidade do consorcio Municipal de Lovios OR-3047.

8º.- Que este convenio se atopa fundamentalmente poboado por Pinus pinaster e sylvestre, aínda que tamén hai presenza de Quercus robur e pyrenaica, Betula celtibérica, etc; da súa superficie total temos 340 ha. inforestais, 237 son do consorcio OR-3016, e 103 ha. do consorcio OR-3047.

9º.- Que o convenio se sitúa integramente dentro do Parque Natural Serra do Xurés.

10º.- Que, por tanto, este convenio, que denominaremos "Quintela e Manín" 32155127, queda integrado por 1361 ha. (953 + 408) pertencentes ós veciños de Quintela e Manín.

## 11º.- CONTA DE GASTOS E INGRESOS.

O cálculo de gastos e ingresos de cada consorcio realízase repartindo, estes, proporcionalmente á superficie repoboada dos comunais que o integran.

A débeda existente ata o ano de clasificación do monte (1975) queda condonada, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/89 do 10 de outubro na Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común.

### CONSORCIO OR-3016

#### Gastos do Consorcio Sierra de Santa Eufemia OR-3016

| <u>ANO</u> | <u>CONCEPTO</u>        | <u>INVESTIMENTO</u> |
|------------|------------------------|---------------------|
| 1975       | Tratamentos Selvícolas | 258.554.-ptas.      |
| 1975       | Obras e construcións   | 765.346.-ptas.      |
| 1976       | Repoboación            | 1.215.316.-ptas.    |
| 1976       | Aproveitamentos        | 606.550.-ptas.      |
| 1976       | Varios                 | 107.770.-ptas.      |
| 1977       | Tratamentos selvícolas | 257.960.-ptas.      |
| 1977       | Obras e construcións   | 50.818.-ptas.       |
| 1981       | Conservación obras     | 248.257.-ptas.      |
| 1982       | Tratamentos selvícolas | 312.405.-ptas.      |
| 1985       | Conservación obras     | 378.999.-ptas.      |
| 1986       | Repoboación            | 647.049.-ptas.      |
| 1986       | Tratamentos selvícolas | 355.464.-ptas.      |

|             |                               |                         |
|-------------|-------------------------------|-------------------------|
| 1987        | Tratamentos selvícolas        | 271.319.-ptas.          |
| 1988        | Tratamentos selvícolas        | 2.053.258.-ptas.        |
| 1989        | Obras e construcións          | 584.908.-ptas.          |
| 1989        | Conservación de obras         | 724.058.-ptas.          |
| 1991        | Tratamentos selvícolas        | 1.150.203.-ptas.        |
| 1991        | Obras e construcións          | 884.986.-ptas.          |
| 1992        | Repoboación                   | 1.445.859.-ptas.        |
| 1992        | Tratamentos selvícolas        | 674.114.-ptas.          |
| 1993        | Repoboación                   | 1.531.637.-ptas.        |
| 1993        | Obras e construcións          | 3.180.866.-ptas.        |
| 1993        | Conservación de obras         | 835.704.-ptas.          |
| 1994        | Tratamentos selvícolas        | 239.686.-ptas.          |
| <u>1996</u> | <u>Tratamentos selvícolas</u> | <u>2.845.963.-ptas.</u> |
|             | TOTAL                         | 21.627.049.-ptas.       |

Ingresos do Consorcio Sierra de Santa Eufemia OR-3016

| <u>ANO</u>  | <u>INGRESOS DA ADMÓN. POR APROVEITAMENTO</u> |
|-------------|----------------------------------------------|
| 1976        | 955.165.-ptas.                               |
| 1987        | 37.200.-ptas.                                |
| 1990        | 1.628.640.-ptas.                             |
| 1991        | 940.992.-ptas.                               |
| 1992        | 2.190.240.-ptas.                             |
| 1997        | 401.100.-ptas.                               |
| <u>1999</u> | <u>4.107.720.-ptas.</u>                      |
| TOTAL       | 10.261.057.-ptas.                            |

Saldo do Consorcio Sierra de Santa Eufemia OR-3016

|                                                        |                       |
|--------------------------------------------------------|-----------------------|
| Gastos 21.627.049 x 716 ha./1650ha. =                  | 9.384.829.-ptas.      |
| Gastos de admón.(7,85% s/9.384.829.-ptas.) =           | 736.709.-ptas.        |
| <u>Gastos de gardería (1.045.-ptas./ha. x 716 ha.)</u> | <u>748.220.-ptas.</u> |
| Gastos totais Quintela e Manín (OR-3016)               | 10.869.758.-ptas.     |
| Ingresos 10.261.057.-ptas. x 716 ha./1650 ha. =        | 4.452.677.-ptas.      |
| Saldo (gastos - ingresos)=10.869.758 - 4.452.677.=     | 6.417.081.-ptas.      |

## CONSORCIO OR-3047

### Gastos do Consorcio Municipal de Lovios OR-3047

| <u>ANO</u>  | <u>CONCEPTO</u>               | <u>INVESTIMENTO</u>   |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|
| 1975        | Tratamentos Selvícolas        | 156.473.-ptas.        |
| 1975        | Obras e construcións          | 575.194.-ptas.        |
| 1976        | Repoboación                   | 531.685.-ptas.        |
| 1976        | Aproveitamentos               | 1.248.536.-ptas.      |
| 1977        | Tratamentos selvícolas        | 1.012.040.-ptas.      |
| 1977        | Obras e construcións          | 541.523.-ptas.        |
| 1977        | Varios                        | 19.735.-ptas.         |
| 1978        | Aproveitamentos               | 270.045.-ptas.        |
| 1980        | Obras e construcións          | 887.663.-ptas.        |
| 1981        | Repoboacións                  | 337.486.-ptas.        |
| 1981        | Conservación obras            | 216.670.-ptas.        |
| 1982        | Repoboación                   | 917.502.-ptas.        |
| 1982        | Tratamentos selvícolas        | 312.405.-ptas.        |
| 1984        | Repoboación                   | 635.366.-ptas.        |
| 1985        | Repoboación                   | 294.870.-ptas.        |
| 1985        | Conservación de obras         | 314.476.-ptas.        |
| 1994        | Tratamentos selvícolas        | 73.990.-ptas.         |
| 1995        | Tratamentos selvícolas        | 71.041.-ptas.         |
| 1995        | Mellora infraestrutura        | 188.346.-ptas.        |
| 1995        | Tratamentos selvícolas        | 60.042.-ptas.         |
| 1996        | Tratamentos selvícolas        | 456.078.-ptas.        |
| <u>1997</u> | <u>Mellora infraestrutura</u> | <u>384.218.-ptas.</u> |
|             | TOTAL                         | 9.505.384.-ptas.      |

### Ingresos do Consorcio Municipal de Lovios OR-3047

| <u>ANO</u>  | <u>INGRESOS DA ADMÓN. POR APROVEITAMENTO</u> |
|-------------|----------------------------------------------|
| 1976        | 1.938.223.-ptas.                             |
| 1992        | 249.600.-ptas.                               |
| 1993        | 696.879.-ptas.                               |
| <u>1994</u> | <u>120.000.-ptas.</u>                        |
| TOTAL       | 3.004.702.-ptas.                             |

Saldo do Consorcio Municipal de Lovios OR-3047

|                                                          |                       |
|----------------------------------------------------------|-----------------------|
| Gastos 9.505.384 x 305 ha./305 ha =                      | 9.505.384.-ptas.      |
| Gastos de administración (7,85% sobre 9.505.384.-ptas.)= | 746.173.-ptas.        |
| <u>Gastos de gardería (1.045.-ptas./ha. x 305 ha.)</u>   | <u>318.725.-ptas.</u> |
| Gastos totais Municipal de Lovios (OR-3047)              | 10.570.282.-ptas.     |

Ingresos = 3.004.702.-ptas. x 305 ha./305 ha. = 3.004.702.-ptas.

Saldo (gastos - ingresos) = 10.570.282 - 3.004.702 = **7.565.580.-ptas.**

**SALDO TOTAL DO NOVO CONVENIO**

Con todo o visto podemos dicir que o saldo de gastos resultante para a comunidade de Quintela e Manín, resulta da suma dos saldos correspondentes ós consorcios:

**6.417.081.-ptas. + 7.565.580 = 13.982.661.-ptas.**

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Quintela e Manín.

Nº de elenco: 32155127

Superficie: 1.361 ha.

Pertenza: Quintela e Manín.

Concello: Lovios.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial da conta de gastos: 13.982.661.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Sierra de Santa Eufemia" OR-3016 teña as seguintes características:

Nome: Sierra de Santa Eufemia.  
Nº de elenco: OR-3016  
Superficie: 1.245 ha.  
Pertenza: Quintela e Manín e Riocaldo.  
Concello: Lovios.  
A restar da súa conta de gastos: 9.384.829.-ptas.  
A restar da súa conta de ingresos: 4.452.677.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio "Municipal de Lovios" OR-3047 quede extinguido.

Santiago, 16 de xuño de 1999  
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES  
E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

Visto o expediente de sinatura dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de Quintela e Manín, do Concello de Lobios, propietaria do Monte Veciñal "QUINTELA E MANÍN" de 1361 ha., das que 953 ha. proceden do Consorcio OR-3016 do Monte Sierra de Santa Eufemia e 408 ha. do Consorcio OR-3047 municipal de Lobios, que se cancela, e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, e ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo: Ma José Tato Rocha.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Quintela e Manín.  
Nº de elenco: 32155127  
Superficie: 1.361 ha.  
Pertenza: Quintela e Manín.  
Concello: Lovios.  
A contabilizar como subvención: 50%  
A contabilizar como anticipo: 50%  
Xuro sobre o anticipo: 1%  
Participación da Comunidade no voo: 70%  
Participación da Consellería no voo: 30%  
Saldo inicial da conta de gastos: 13.982.661.-ptas.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Sierra de Santa Eufemia" OR-3016 teña as seguintes características:

Nome: Sierra de Santa Eufemia  
Nº de elenco: OR-3016  
Superficie: **1.245 ha.**  
Pertenza: Quintela e Manín e Riocaldo.  
Concello: Lovios.  
A restar da súa conta de gastos: 9.384.829.-ptas.  
A restar da súa conta de ingresos: 4.452.677.-ptas.

TERCEIRO.- **Que no sucesivo o consorcio "Municipal de Lovios" OR-3047 quede extinguido.**

Contra a presente Resolución, que agota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 107 e 116 da lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1999

O CONSELLEIRO

(P.O.12-01-1998)

O SECRETARIO XERAL



Asdo. José Luís Abeal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.**

**C O N V E N I O**

|     |     |       |
|-----|-----|-------|
| N.º | 321 | 55127 |
|-----|-----|-------|

En Santiago de Compostela, a 23 de xuño de mil novecentos noventa e nove.

**R E U N I D O S**

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. PERFECTO PAZ MONTERO como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "SIERRA DE SANTA EUFEMIA" Y "QUINTELA Y BUSCALQUE", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

**E X P O Ñ E N**

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 6 de diciembre de 1946 y 8 de mayo de 1959 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a vecinos de las parroquias de QUINTELA Y MANIN.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: QUINTELA Y MANIN

Termo municipal: LOVIOS Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal CLASIFICADOS AMBOS MONTES COMO VECINALES EN MANO COMUN CON FECHA  
17 DE FEBRERO DE 1975

Límites:

N.: Monte Sierra Sta. Eufemia: Río Límia, propiedades particulares y más M.V.M.C. Sierra  
Sta. Eufemia. Monte Quintela y Buscalque : Término municipal de Entrimo.

S.: M. Sierra Sta. Eufemia: República Portuguesa  
M. Quintela y Buscalque: más M.V.M.C. Quintela y Buscalque

L.: M. Sierra Sta. Eufemia: M.V.M.C. S<sup>a</sup> del Xurés de los vecinos de Riocaldo.  
Monte Quintela y Buscalque: más M.V.M.C. Quintela y Buscalque

O.: Monte Sierra de Sta. Eufemia: República Portuguesa  
Monte Quintela y Buscalque: Portugal por el rio Castro Leboreiro

Superficie: 1.361 Has.

Estado forestal: Raso y Arbolado de múltiples edades y densidades

Con arborado pertencente á comunidade proprietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:  
1.361 Has,

Sen vexetación arbórea: Servidumes: sin vegetación arbórea 340 Has.

Servidumes: las habituales de paso

3<sup>a</sup>.- O chan continuará pertencendo a LA COMUNIDAD DE VECINOS DE LAS PARROQUIAS DE QUINTELA  
Y MANIN.

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4<sup>a</sup>.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o (50) CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante (50) CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do (1) UNO por cento anual.

5<sup>a</sup>.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: TODO EL MUNICIPAL DE LOVIOS OR-3047 Y 953 HAS  
DE LAS 2198 QUE INTEGRAN EL OR-3016 SIERRA DE SANTA EUFEMIA.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TREINTA (30) por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA (70) por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o -- por cento, e a comunidade propietaria, o -- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de TREINTA (30) anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subentábase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER, PINUS SYLVESTRIS Y QUERCUS PYRENAICA COMO ESPECIES PRINCIPALES

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Doña MIRIAM LOPEZ AREAL -----, encargado  
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

**CERTIFICO:**

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "SIERRA DE SANTA EUFEMIA" Y "QUINTELA Y BUSCALQUE" clasificados ámbolos dous en data 17 febreiro 1975 a favor das parroquias de Quintela e Manín, no Concello de Lobios -----

2.—Que, así mesmo, figura Don PERFECTO PAZ MONTERO -----, e  
Don MANUEL OLIVEIRA GONZALEZ -----, como presidente e secretario,  
respectivamente, da xunta rectora, ~~de~~ DE LOS M.V.M.C. "Stª. Eufemia" y "Quintela y Buscalque"  
dende o 26 outubro de 1996 ata o 26 de outubro de 2000. -----

E para que conste, expido a presente certificación Ourense, -----  
a 22 de febreiro de 1999 -----



Don MANUEL OLIVEIRA GONZALEZ -----, Secretario  
de LAS JUNTAS RECTORAS DE LOS MONTES "SIERRA STA. EUFEMIA" Y "QUINTELA Y BUSCALQUE"

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta  
comunidad, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o  
día 15 de Marzo de 1999 estando designado  
Don PERFECTO PAZ MONTERO  
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en  
Ourense  
a 3 de Diciembre de mil  
novecentos noventa e oito.

Visto e prace,

O PRESIDENTE

*Perfecto Paz*

Asdo.: PERFECTO PAZ MONTERO



Asdo.: MANUEL OLIVEIRA GONZALEZ

Don TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS -----, Director  
Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa con-  
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



*Perfecto Paz*

Pola propiedade,  
PERFECTO PAZ MONTERO

Pola Consellería de Medio Ambiente,  
O CONSELLEIRO  
P.D. (ORDE DC 12-01-98)  
O SECRETARIO XERAL

*[Signature]*  
Asdo.: José Luis Abad García - Tufiñ